

A auga que xongue a inmensidade

Xosé Otero Canto, 6 de febreiro de 2026

<https://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.38811.php>

A auga, ese líquido marabilloso que define e enche a nosa existencia de limpeza e beleza chea de gotas que corren e escorren por amor na procura de máis auga coa que ela vive e convive en total harmonía, plena de desexos agradecidos e entronizada en amor constante e eterno, sempre penetrando o seu ser por millares de seres húmidos que coñecen e afirman o seu amor na "escorrentía", empregando á terra como canle da súa procura amorosiña.

O amor da auga non se consegue na soidade e necesita, coma os galegos, volver a xunto dos seus, froito dunha saudade e señoardade limpa e transparente, ten a mesma personalidade ca nós e cando chega ao seu obxectivo, que é a inmensidade, ponse a pintar azuis en competencia co ceo formando centos e centos de tons desde o celeste ata o índigo, cobalto, mariño, turquesa, eléctrico, cerúleo... e dentro deles, cada un coas súas variantes das que escollemos homes e mulleres para a pintura e a decoración.

E así dicimos ou falamos do azul mariño coma a cor máis elegante porque, o mesmo ca mar, mándanos unha substancia etérea e indivisíbel que nos dá tranquilidade e calma, facéndonos sentir máis sofisticados e cheos de carácter.

Mais a cor azul tamén chega a persuadirnos de confianza, de lealdade e estabilidade pola conexión dos átomos de auga que xuntos queren vivir en mares, lagoas e ríos por amor ás outras gotas de forma e tamaños distintos que se xonguen en amores eternos nesa inmensidade descoñecida na que ningunha delas é imprescindible.